



- Ti sabes máis, conta outro.
- Non sei, eu sabía varios, pero...
- Cántalle o do señor José
- Eh?
- O do señor José e mailo do macho
- Bueno... (Risas)
- Cántallo!
- Esta muller...
- Cántallo! Se non cónfollo eu!
- Bueno, si, ho, eso ten o seu tal pero... Aí tratábase, corte ese. Despois empezo pero corte, corte. Voulle explicar o conto como era e despois cónfollo.

Un matromonio, esto... e el andaba por aí de varanda con outra muller. A outra muller, tiña no lugar, unha irmán casada. E entonces a irmán dela decíalle:

- E fulando ven de onda ti e tal.

Dixo ela:

- Bueno, que vai ser e tal.
- No, a xente di que o home que vén, o fulando ese que vén da onda a túa irmá.
- Eso non é certo, son contos da xente, eso non tall!

Dice:

- No, pois...

A irmán dela, desa que andaba de amistá co outro, tiña... estaba casada nunha casa xa á beira dela, e tiña o soghro, velliño xa. E entonces un día, estaban cocendo...

- Póñao (a gravar).
- Bueno, agora xa cho explico eu, coño.
- Sigue, sigue agora.
- Eu era por explicarlle o asunto como é.
- Sigue, sigue.
- No, no. Esto puxoo (a gravar)?



Entonces un día a, estaban cocendo na casa da irmán, e díxolle a nora ó sogro, dice:

- Papá, vai á casa de fulana, da irmán, pa que traia á masa pa meter no forno.

Dixo el:

- Bueno, vouche ir ahora alá!

Chovía que non tiña traza.

- Arremedao como era.
- Bueno, pero ahora non. Espera, espera.
- Está gravando!
- Non ho, non ta.
- Pero di que pode gravar!
- É pa explicar o conto, pero explícollo ho.

Entonces, esto, mandou ó vello, e o vello díxolle:

- Ahora non salgho da casa.

Chovía e tronaba e un aire que non tiña (...) unha noite pero destas bravas.

- Arremedaba como facía.

E a vella, ou, a nora:

- E pois ten que ir mi padre ten que ir, ten que ir.
- Non vou!

Entonces o vello a tanto porfiala nora, pos saleu e foi buscar a outra.

- Eso foi certo, eh.

E, e resulta que, bue, esto xa llo explico, agora voulle contalo conto, como foi.

- Cántalle o conto...
- Isto era o asunto da explicación como era o tal, e agora a continuación xa pode gravar.
- Cántalle o conto e non toques aí nese couso e arremeda ó señor ben, como é, ao señor José.
- No, no. Esto... está?
- Está!



Era unha mullere, que andaba de amistá con outro home, claro, cunha muller non podía andar, andaba con outro home. Entonces tiña unha irmán e a irmán non quería, decía que on era certo, pero todos os veciños o sabían que era certo porque vían alí ó fulano e o fulano tiña un cabalo, e aparecía o cabalo á porta da outra, entonces a irmán non podía decir que non. E un día estaban cocendo e díxolle a nora ó soghro:

- Mi padre, vaia á casa de Carmen, chamábanlle Carmen, vaia á casa de Carmen a ver se trae a masa que temos que enfnarnare.

Dixo él:

- Si ho, vouche ir ahora, carafío, ca noite que está vouche ir ahora alá. Vai ti se queres.
- Ai mi padre pois ten que ire!
- Non vou! Aunque morres, que me leve o demo que vou alá.
- Pois ten que ir mi padre, ai Dios mío, que teñen a masa preparada e tal, pos ten que ir.
- Non ho, ca noite que está non che salgo da casa.

Pero despois, eu vin que era tanto porfiar, tanto porfiar, e collín a capa de xuncos e salín pa fora máis un pau de moca que tiña, un pau feito de carballo cunha moca no fondo e entonces marchei dereito alá. Anduven un cachiño de camiño e despois arrimeime a unha parede pa non me mollar que chovía muito e facía abrigo do aire e arrimeime alí, e ó que me pareceu que tería tempo de, de chegar á casa. Esto...entrei!

- A ver, abrir! Que xa veño.

Bueno, abriron, entonces:

- E que, trae a masa mi padre?
- Alí non falou ninguén, enchinme de chamare, alí non falou ninguén, o único que foi, que lle metín os narices no cu, ó macho de don Manuel, pero tan ben llos metín que trouxen o pau de moca ós calcañares e cros! No medio das rens, deille, e alí non me falou ninguén, están bien entretenidos.
- Ai mi padre, usté seguramente que non chamou!
- Chamei, chamei, pero tan entretenidos e vamos enfnarnar.
- Pero mi padre, non podemos enfnarnar esto sin que veña ela ca masa!
- Que a bore na borralleira. Veña serrarlle ao forno!

Eu collín a pa, enfnarnei rápido e neste dixen:

- A ver, traede a bosta pa taparlle ó forno.



Eu apurei, xa fixen eu:

- Carafio tan entretenidos, que a boten onde poidan.

Alá dentro dun pouco, xa eu tapara o forno e chegha a rapaza.

- Tía Pepa, tía Pepal!

Así emparrantándose.

- Quen era?
- Traio aquí a masa!
- Botádea na borralleira.

Despois a nora quería abrírlle ó forno i eu:

- Ábroche eu a ti a cabeza primeiro, antes que lle abras ó forno.
- Pois hai que abrírlle, mi padre!
- Non, non se lle toca ó forno.

Púxenme na porta do forno i eu:

- Aquí non se lle toca ó forno pa nada.

E despois ela chorou de rabia e todo eso, pero dixen eu:

- Nada, aquí non se lle toca ó forno.

Despois ela marchou pa cama media enfadada, ela e máis o ... do home marcharon pa cama. Eu e maila miña Pepa quedamos embaixo, que a min gustábame muito mollalas sopas no bolo e a iles non lles ghustaba muito que fora ó viño. E entonces, ó que eles marcharon pa cama fun caladiñamente á bodegha, e collín unha taza e xa botei alá na bodegha e xa na trouxen pa, pa cociña. Entonces despois, tróuxena pa cociña, outra, e deille un pouco á muller; que a muller, pero a miña bebía pouco que xa era vella tamén, e resulta que ela non-o quixo pero boteino eu, e despois fixen unhas boas sopas da bola, e despois aínda lle dixen á muller:

- Ouiche, vaime por outra taza.
- Ai José, pero ti, ti tas tolo.
- Si, si. Vaime por outra taza.

E foime por outra taza.

- Non metas muito barullo, que non te sintan enriba.

E tróuxome outra taza e zampeina. Fun pa cama como un Pepe que era, era un José, e a outra botou a masa na borralleira.



Museo
do Pobo
Galego

- Esta, estúvome onte todo o día: Tes que contarlle ese conto, tes que contarlle ese conto...
- E ti sabes tamén o conto? A ver, conta.
- No, eu sei ese. Ti que sabes, eu de contos...



instituto de
estudos das
identidades